



RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar máis
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os máis docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

Materia	Física e Química	Departamento	Física e Química
Docente	Susana Muiña Fernández		
Curso/Grupo	3º ESO	Ano académico	20223/2024
Contidos (indicacións xenéricas, non mais de 2/3 liñas por trimestre.)			
1º Trimestre	Destrezas científicas. O átomo.		
2º Trimestre	Elementos e compostos. Os cambios. As reaccións químicas.		
3º Trimestre	Natureza eléctrica da materia. A enerxía eléctrica.		
Obxectivo			
Os obxectivos desta materia inciden en comprender os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna e en interpretalos en termos das leis e teorías científicas. Expresar en forma de preguntas as observacións realizadas, formular hipóteses para explicalas e verificalas, manexar con soltura as regras e normas básicas da física e da química, utilizar de forma crítica e eficiente plataformas tecnolóxicas e recursos variados tanto para a produción individual coma en equipo, utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo que permitan potenciar o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente e entender a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución.			
Metodoloxía			
A metodoloxía utilizada inscríbese no marco determinado polo modelo DUA. Neste sentido, porase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades. Tamén se potenciará o uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			
<p>1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral.</p> <p>Os instrumentos de avaliación utilizados serán: proba escrita (cun peso do 80%) e táboa de indicadores (cun peso do 20%). A cualificación asígnaselle ao Criterio de Avaliación (CA) tendo en conta o seu peso na materia. A cualificación trimestral será a media ponderada das cualificacións asignadas a cada CA.</p> <p>Para a cualificación do segundo trimestre tomarase en consideración todos os CA avaliados ata o remate do segundo trimestre. A cualificación así obtida correspondería á que se lle asignaría ao alumno ou alumna se o curso rematase nese momento (como corresponde a un proceso de avaliación continua). O mesmo ocorrerá coa cualificación correspondente ao terceiro trimestre.</p>			

2. Proceso de recuperación de partes pendentes.

O alumnado terá unha oportunidade por trimestre para recuperar os CA non superados nos trimestres anteriores. Os instrumentos utilizados poderán ser distintos dos utilizados previamente para o CA a recuperar.

O alumnado que teña todos os CA avaliados superados poderá presentarse ás distintas oportunidades de recuperación para mellorar a súa cualificación, se así o desexa.

3. Determinación da cualificación final da materia, ó remate da 3ª avaliación (ESO e BAC)

A cualificación final será a obtida ao rematar o terceiro trimestre.

Considerarase que a materia foi superada cando ao rematar o curso a cualificación correspondente á media ponderada dos CA sexa igual ou maior que 5,0.

4. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores

Todo o alumnado que teña pendente a Física e Química de 3º estará matriculado nun curso específico na aula virtual. O alumnado recibirá unha serie de tarefas, actividades e exercicios propostos pola profesora responsable da materia, que estarán a disposición do alumnado na aula virtual.

O seguimento do progreso ao longo do curso farase de forma presencial e a través da aula virtual.

O alumnado será avaliado dos CA correspondentes á materia mediante tres probas escritas.

En todas as probas contemplarase a posibilidade de recuperar os CA non superados en probas anteriores.

Proceso de avaliación Extraordinario (BAC) / Final (ESO) (Ferramentas, procedementos, etc.)

(Como se vai a recuperar a materia no suposto de que trala 3ª avaliación a teña suspensa, indicando ferramentas e procedemento; no caso da ESO, se se abre a posibilidade de subir nota, indicar o procedemento e ferramentas)

No período comprendido entre a data da sesión de avaliación do terceiro trimestre e o remate do curso garantiráselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os CA non superados.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)

RESUMO INFORMATIVO

Materia	Física 2º BAC		
Docente	Esther Otero Rodríguez		
Curso/Grupo	2º	Ano académico	2023/2024
Contidos			
1º Trimestre	Gravitación universal. Campo eléctrico. Campo magnético e indución .		
2º Trimestre	Movemento ondulatorio. Óptica		
3º Trimestre	Física cuántica. Física relativista. Física nuclear e de partículas. O bloque de actividade científica traballarase durante todo o curso		
Obxectivos			
<p>-OBX1 Utilizar as teorías, principios e leis que rexen os procesos físicos máis importantes, considerando a súa base experimental e a súa descrición teórica e desenvolvemento matemático na resolución de problemas, para recoñecer a física como unha ciencia relevante implicada no desenvolvemento da tecnoloxía, da economía, da sociedade e da sostibilidade ambiental.</p> <p>-OBX2 Adoptar os modelos, teorías e leis aceptados da física como base de estudo dos sistemas naturais e predicir a súa evolución para inferir solucións xerais aos problemas cotiáns relacionados coas aplicacións prácticas demandadas pola sociedade no campo tecnolóxico, industrial e biosanitario.</p> <p>- OBX3 Utilizar a linguaxe da física coa formulación matemática dos seus principios e leis, magnitudes, unidades etc. para establecer unha comunicación axeitada entre diferentes comunidades científicas e como unha ferramenta fundamental na investigación desta ciencia.</p> <p>OBX4 Utilizar de forma autónoma, eficiente, crítica e responsable recursos en distintos formatos, plataformas dixitais de información e de comunicación no traballo individual e colectivo, para o fomento da creatividade mediante a produción e o intercambio de materiais científicos e divulgativos que faciliten achegar a física á sociedade como un campo de coñecementos accesible.</p> <p>OBX5 Aplicar técnicas de traballo e de indagación propias da física, así como a experimentación, o razoamento lóxico-matemático e a cooperación, na resolución de problemas e a interpretación de situacións relacionadas con esta ciencia para pór en valor o papel da física nunha sociedade baseada en valores éticos e sostibles.</p> <p>OBX6 Recoñecer e analizar o carácter multidisciplinar da física, considerando o seu relevante percorrido histórico e as súas contribucións ao avance do coñecemento científico como un proceso en continua evolución e innovación, para establecer unhas bases de coñecemento e de relación con outras disciplinas científicas.</p>			
Metodoloxía			



Porase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades e no uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.

Cómpre ter en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico durante todas as etapas da formación do alumnado debe partir da formulación de cuestións científicas baseadas na observación directa ou indirecta do mundo en situacións e en contextos habituais. A explicación a partir do coñecemento, da procura de evidencias, da indagación e da correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes precisa dunha adecuada adquisición das competencias correspondentes.

Polo dito, en todas as unidades didácticas incluíranse prácticas de laboratorio ou experiencias en contornos virtuais, así como enunciados de coñecemento que permitan aplicar un proceso de argumentación en base ás probas dispoñibles. Guiados polo modelo DUA facilitarase que o alumnado poida seleccionar entre distintas actividades e distintos contornos.

Concederáselle especial importancia á presentación dos resultados obtidos, que se axustará ao que é habitual nas comunicacións científicas e serán compartidos co resto da aula utilizando diferentes estratexias. De esta forma se traballará transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.

En relación con esta última cómpre indicar que a aplicación das tecnoloxías dixitais xunto aos principios do DUA permiten un elevado grao de personalización do currículo fundamental nun ensino inclusivo que debe proporcionar a todas as persoas oportunidades equitativas para aprender.

Promoverase o modelo de aula invertida, ou modificacións deste, utilizando alternativas en consonancia co DUA co obxectivo de transformar a aula nun espazo de aprendizaxe colectiva.

Proceso de Avaliación Ordinario (cualificacións Ferramentas, procedementos, etc.)

O curso, con relación ás, divídese en tres trimestres (ou avaliacións). A cualificación en cada un determinarase do seguinte xeito:

1. Cualificación procedente de táboas de indicadores:

- Prácticas de laboratorio e elaboración do correspondente informe. Na táboa de indicadores de cada actividade, o 50% da cualificación pertencerá ao desenvolvemento da actividade e o 50% restante á calidade do informe. No caso de que no trimestre se faga máis dunha práctica, a cualificación desta parte será o resultado de facer a media. No que segue, esa cualificación represéntase por L.
- No caso de realizarse algún proxecto de investigación, a correspondente táboa de indicadores contemplará un peso na cualificación do 50% para a calidade do documento producido e o 50% restante para a súa presentación ou exposición. A súa cualificación simbolízase por I.

A cualificación no trimestre desta parte 1, TI, será $TI=(L+I)/2$ no caso de que haxa proxecto e $TI=L$ en caso contrario.

2. Cualificación procedente de probas escritas:

- Á metade do trimestre realizarase unha proba escrita (control) sobre os criterios de avaliación correspondentes á materia tratada nese período do trimestre (que usualmente será entre unha e dúas unidades, máis a de carácter transversal). A cualificación desta proba simbolízase por C.
- Ao final do trimestre realizarase unha segunda proba escrita (exame) sobre todos os criterios correspondentes á materia contemplada no trimestre (tres ou catro unidades, máis os contidos relacionados coa transversal). A cualificación desa proba simbolízase por E.

A cualificación no trimestre desta parte 2, PE, será $PE=0,3\cdot C+0,7\cdot E$

As puntuacións máximas para os diferentes exercicios que conformen estas dúas probas escritas tomarán en consideración os pesos das unidades obxecto da proba así como os dos criterios de avaliación asociados con elas.

A **cualificación global do trimestre**, T, será o resultado de aplicar a expresión:
 $T=0,15\cdot TI+0,85\cdot PE$.

No boletín de cualificacións consignarase o resultado de aplicar o redondeo á unidade máis próxima seguindo o criterio usual en ciencia. Un trimestre considerarase superado se a cualificación consignada é 5 ou superior.

Cada avaliación terá a súa correspondente recuperación, unha vez finalizado o trimestre.



CUALIFICACIÓN FINAL

A **cualificación final** do curso será o resultado de aplicar un redondeo semellante ao sinalado anteriormente á media das tres cualificacións obtidas nos trimestres. Cómpre destacar que con estas últimas referímonos aos valores T antes mencionados e non aos consignados nos boletíns de cualificacións.

Proceso de avaliación Extraordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

Os alumnos que non obteñan a cualificación de aprobado na avaliación ordinaria deberán presentarse á avaliación extraordinaria. No mes de xuño farase dita proba extraordinaria que consistirá na avaliación de contidos de todo o curso sendo necesaria unha cualificación de cinco puntos para aprobar a materia.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO.

Materia	Física e Química 1ª BAC	Departamento	Física e Química
Docente	Rosa Ana Piñeiro Arias, Esther Otero Rodríguez		
Curso/Grupo	1º	Ano académico	2023/2024
Contidos			
1º Trimestre	O átomo e o sistema periódico. Enlace químico e nomenclatura inorgánica. Estequiometría.		
2º Trimestre	Química orgánica. Reaccións químicas de interese. Cinemática do punto material. Estática		
3º Trimestre	Dinámica. Traballo e enerxía. Calor A unidade didáctica de Actividade científica traballarase ao longo de todo o curso.		
Obxectivo			
<ul style="list-style-type: none"> - Resolver problemas e situacións relacionados coa física e coa química, aplicando as leis e teorías científicas adecuadas, para comprender e explicar os fenómenos naturais e evidenciar o papel destas ciencias na mellora do benestar común e na realidade cotiá. - Razoar usando con solvencia o pensamento científico e as destrezas relacionadas co traballo da ciencia. - - Manexar con propiedade e solvencia o fluxo de información nos diferentes rexistros de comunicación da ciencia. - Utilizar de forma autónoma, crítica e eficiente plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo. - Traballar de forma colaborativa en equipos diversos, aplicando habilidades de coordinación, comunicación, emprendemento e repartición equilibrada de responsabilidades. - Participar de forma activa na construción colectiva e evolutiva do coñecemento científico, na súa contorna cotiá e próxima para converterse en axentes activos da difusión do pensamento científico, na aproximación escéptica á información científica e tecnolóxica e á posta en valor da preservación do medio ambiente e da saúde pública, no desenvolvemento económico e na procura dunha sociedade igualitaria. 			
Metodoloxía			
A metodoloxía utilizada inscríbese no marco determinado polo modelo DUA . Porase énfase na atención á diversidade do alumnado e na atención individualizada. Utilizaranse distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			
1. Proceso de cualificación trimestral:			
A cualificación dun trimestre realizarase do seguinte xeito:			

1. Cualificación procedente de táboas de indicadores: - Prácticas de laboratorio e elaboración de informe correspondente. Na táboa de indicadores terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao desenvolvemento da actividade no laboratorio e do 50% correspondente ao informe. A cualificación desta parte simbolízase por L. De facerse máis dunha práctica no trimestre, L será o resultado da media.

- En caso de realizarse algún proxecto de investigación, na correspondente táboa de indicadores, terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao documento producido e do 50% correspondente á súa presentación ou exposición. A cualificación desta parte simbolízase por I. A cualificación (TI) desta parte no trimestre será: $TI=(L+I)/2$ (no caso de haber proxecto) ou $TI=L$ (no caso de haber só prácticas no trimestre)

Cualificación procedente de probas escritas: - Realizarase unha proba escrita (control) a metade do trimestre, sobre os criterios de avaliación contemplados nesa parte do trimestre (entre unha e dúas unidades, máis a transversal). A cualificación desta parte simbolízase por C. - Realizarase unha proba escrita (exame) ao final do trimestre, sobre todos os criterios contemplados no trimestre (tres ou catro unidades, máis a transversal). (A cualificación desta parte simbolízase por E)

A cualificación (PE) desta parte no trimestre será: $PE=0,3\cdot C+0,7\cdot E$

A cualificación do trimestre (T) será o resultado de aplicar a seguinte expresión : $T=0,15\cdot TI+0,85\cdot PE$
Considerarase superado un trimestre se T é igual ou maior que 5,0.

2. Proceso de recuperación de avaliacións pendentes

O alumno con algunha avaliación suspensa, ou os que teñan a avaliación superada, pero queren subir nota terán que realizar unha proba escrita (exame de recuperación). A cualificación desta parte simbolízase por ER. A cualificación do trimestre trala recuperación, TR, será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza):
 $TR=0,15\cdot TI+0,85\cdot ER$

3. Determinación da cualificación final ó remate da 3ª avaliación

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das cualificacións dos tres trimestres e redondear ás unidades (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza) e consideraráse superada a materia se este valor é igual ou maior que 5.

Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

Rematado o período ordinario, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria que se realizará mediante proba escrita única sobre o total de criterios de avaliación contemplados durante o curso.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

(Extracto da programación do departamento)